



En Santiago de Compostela a 20 de Setembro de 2018.

REUNIDOS

Dunha parte Dona Marta Irene Lois González, con D.N.I.: 36.102270K, Concelleira de Igualdade, Economía, Emprego e Turismo do Concello de Santiago de Compostela, en calidade de responsable do proxecto: Plan Xuvenil de integración profesional "Mocidade con Emprego" Santiago 2017-2020.

E, doutra parte, Don Rafael Carlos Sisto Edreira, con D.N.I.: 33.252.651X, en nome e representación da empresa/entidade Concello de Teo, con CIF: P1508300I e actividade económica e domicilio en Travesía da Ramallosa 38, 15833 Teo (A Coruña).

EXPOÑEN

I.- O Concello de Santiago de Compostela, no ánimo de servir con obxectividade aos intereses xerais, e sensible aos problemas específicos da inserción dos/as mozos/as no mundo laboral, polo cal, en consonancia coas recomendacións que neste campo fan a Comisión e o Consello da U.E., púxose en marcha o proxecto "Plan Xuvenil de integración profesional "Mocidade con Emprego" Santiago 2017-2020.

II.- Que dentro das accións establecidas no proxecto "Plan Xuvenil de integración profesional "Mocidade con Emprego" Santiago 2017-2020., se enuncia a posibilidade de que as persoas participantes recién formadas realicen Prácticas en Empresas ou Entidades, co dobre obxectivo de aportar ás empresas/entidades recursos humanos con formación actualizada e do achegamento das participantes no Proxecto ao mundo laboral.

III.- Considerando que ambas institucións teñen uns obxectivos en parte coincidentes e complementarios, poden mellorar o desenvolvemento dos seus respectivos cometidos mediante a colaboración e axuda mutua no marco da lexislación vixente, sendo a resolución de 22 de agosto de 2017 da Dirección Xeral de Relacións coas Comunidades Autónomas e Entes Locais, pola que se aproba a segunda convocatoria 2017 de axudas do Fondo Social Europeo, previstas no Programa Operativo de Emprego Xuvenil (Axudas AP-POEJ), destinadas á integración sostible de persoas mozas no mercado de



Cofinanciado polo Fondo Social Europeo a través da Iniciativa de Emprego Xuvenil e de Garantía Xuvenil.

 <p>CONCELLO DE SANTIAGO Concellaría de Igualdade, Economía, Emprego e Turismo</p>	<p>CONVENIO DE PRÁCTICAS</p> <p>Plan Xuvenil de Integración Profesional "Mocidade con Emprego"</p>	 <p>Unión Europea Fondo Social Europeo Iniciativa de Empleo Juvenil El FSE invierte en tu futuro</p>
--	---	--

traballo, no contexto do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil.

IV.- Que con este Convenio se pretende dar a oportunidade ás persoas participantes de combinar os coñecementos teóricos cos de contido práctico e de incorporarse ao mundo profesional ao finalizar as actividades do PROXECTO cun mínimo de experiencia. Así mesmo o proxecto Plan Xuvenil de integración profesional "Mocidade con Emprego" Santiago 2017-2020, permite que as empresas / entidades, colaboren na integración laboral das participantes, contribuíndo a introducir nun ámbito real os coñecementos que o traballo cotiá precisa na formación da persoa participante.

Como consecuencia do susodito, acórdase o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN, coas seguintes

CONDICIÓN

Primeira.- Establécese un Programa de Cooperación, mediante o presente Convenio coa empresa/entidade mencionada a fin de iniciar a formación práctica das participantes do proxecto Plan Xuvenil de integración profesional "Mocidade con Emprego" Santiago 2017-2020 nas áreas operativas da mesma para conseguir profesionais cunha visión real dos problemas e as súas interrelacións, preparando a súa incorporación futura ao mundo do traballo.

Segunda.- O programa de Cooperación establécese coa citada empresa / entidade, para a realización das prácticas das participantes no proxecto Plan Xuvenil de integración profesional "Mocidade con Emprego" Santiago 2017-2020, que se relacionarán no Anexo ao presente Convenio, subscritos a tal efecto. Nestes anexos detallarase a formación das participantes, así como a duración e condicións da Práctica. As actividades a desenvolver polo/a participante describiranse no Proxecto Formativo que se adxuntará en cada Anexo.

Terceira.- No Concello de Santiago, dependendo da Concellaría de Emprego, existe un equipo do proxecto Plan Xuvenil de integración profesional "Mocidade con Emprego" Santiago 2017-2020, integrado polas persoas que se relacionan a continuación e que coordinará e resolverá todas as cuestións que xurdan no desenvolvemento do programa de Cooperación:

- O coordinador técnico do proxecto Plan Xuvenil de integración profesional

 <p>ESTRATEGIA DE EMPRENDIMIENTO Y EMPLEO JOVEN <i>garantía juvenil</i></p>	 <p>GOBIERNO DE ESPAÑA</p>  <p>MINISTERIO DE LA PRESIDENCIA Y PARA LAS ADMINISTRACIONES TERRITORIALES</p>
--	--

Cofinanciado polo Fondo Social Europeo a través da Iniciativa de Empleo Xuvenil e de Garantía Xuvenil.



"Mocidade con Emprego" Santiago 2017-2020, é o Responsable de Emprego Xavier Ferreiro Campos

- Os titores de prácticas do proxecto Plan Xuvenil de integración profesional "Mocidade con Emprego" Santiago 2017-2020.

Polo Concello



Cuarta.- As persoas participantes inscritas no proxecto Plan Xuvenil de integración profesional "Mocidade con emprego" Santiago 2017-2020 estarán suxeitos ao réxime e horario que se determine baixo a supervisión do/a Titor/a que se designe dentro da empresa/entidade que, en estreita colaboración co/coa titor/a do proxecto Plan Xuvenil de integración profesional "Mocidade con Emprego" Santiago 2017-2020, velará pola súa correcta formación práctica.

Quinta.- A participación da empresa/entidade no Programa de Cooperación non supón a adquisición de máis compromisos que os estipulados no presente Convenio e en ningún caso se derivarán obrigas propias dun Contrato laboral.

Sexta.- Dado que non será unha relación de carácter laboral a existente entre o/a participante e a empresa/entidade, no caso dunha posible incorporación ao equipo técnico da mesma, o tempo de estancia das prácticas non se computará a efectos de antigüidade, nin eximirá do período de proba.

Pola Empresa



Sétima.- Ao final do Programa de Cooperación o proxecto Plan Xuvenil de integración profesional "Mocidade con Emprego" Santiago 2017-2020, expedirá un certificado da realización das prácticas, con mención expresa da especialidade á que estivera orientada a súa formación, a duración e o rendemento.

Oitava.- O Concello de Santiago subscribirá Póliza de Responsabilidade civil e Póliza de Accidentes de Traballo que cubre riscos que como consecuencia da actividade da participante dentro da empresa/entidade puidera derivarse, e que comprende os sinistros de morte, invalidez permanente, asistencia médico-cirúrxica e gastos sanitarios.

Novena.- O/a participante deberá contar coa previa autorización do titor que supervise a súa formación cando teña que levar documentación ou información de calquera tipo propiedade da empresa/entidade, non podendo en ningún caso utilizar documentos orixinais, ou copias dos mesmos, sen a expresa aprobación do seu titor e na empresa/entidade.



 <p>CONCELLO DE SANTIAGO Concellaría de Igualdade, Economía, Emprego e Turismo</p>	<p>CONVENIO DE PRÁCTICAS</p> <p>Plan Xuvenil de Integración Profesional "Mocidade con Emprego"</p>	 <p>Unión Europea Fondo Social Europeo Iniciativa de Empleo Juvenil El FSE invierte en tu futuro</p>
--	---	--

Décima.- O presente Convenio Marco, estará vixente até a data final do proxecto Plan Xuvenil de integración profesional "Mocidade con Emprego" Santiago 2017-2020, o 31 de decembro de 2018.

A CONCELEIRA DE ECONOMÍA,
EMPREGO, COMERCIO E TURISMO



Asdo.: Marta Irene Lois González

ALCALDE

70

CONCELLO DE TEO
Alcaldía



Asdo.: Rafael Carlos Sisto Edreira

 <p>ESTRATEGIA DE EMPRESARIADO Y EMPLEO JOVEN <i>garantía juvenil</i></p>	 <p>GOBIERNO DE ESPAÑA</p> <p>MINISTERIO DE LA PRESIDENCIA Y PARA LAS ADMINISTRACIONES TERRITORIALES</p>
--	---